

Anexo II. Ficha Convocatoria

I. NOME DO PROXECTO DA LIÑA DE INVESTIGACIÓN

PROXECTO DA LIÑA DE INVESTIGACIÓN EN SIMULACION DE ENERXÍAS RENOVABLES E MEDIO AMBIENTE	
PROXECTO	Seguridade dram en sistemas de computación de alto rendemento

II. PROGRAMA/PROXECTO/CONTRATO/CONVENIO QUE FINANCIA O CONTRATO

	PROXECTO	FORMA DE FINANCIAMENTO DO PROXECTO
PROXECTO	Seguridade dram en sistemas de computación de alto rendemento	Convocatoria para o ano 2024 das «Axudas para Incentivar a Consolidación Investigadora» dentro do Programa Estatal de Recursos Humanos, do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2024-2027. (Identificador Base de Datos Nacional de Subvencións: 763349; extracto publicado no «Boletín Oficial do Estado» do 28 de xuño de 2024) segundo resolución da presidencia da Axencia Estatal de Investigación do 11 de abril de 2025.

III. DESCRICIÓN DO/S PROXECTO/S

	PROXECTOS	DESCRICIÓN DOS PROXECTOS
PROXECTO	Seguridade dram en sistemas de computación de alto rendemento	A seguridade xa non é só unha cuestión de software. A medida que os dispositivos de hardware reducen o seu tamaño, vólvense inevitablemente menos fiables, debido a fenómenos como as interferencias, a diafonía, e outros. Os problemas de seguridade e fiabilidade no hardware son fundamentalmente máis difíciles de mitigar que os problemas de software, xa que o hardware non se pode cambiar tan facilmente e ten unha reprogramabilidade moi limitada. Por iso é extremadamente importante deseñar dispositivos de hardware tendo en conta a seguridade e a fiabilidade como factores principais (coa mesma relevancia que o rendemento ou o consumo enerxético).

POSICIÓNS OFERTADAS

DATOS DA ACTIVIDADE / PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Referencia praza NRP	DRAM-26-INV1-AC 6090086



Denominación	Investigador/a en Arquitectura de Computadores - DRAMSecurityHPC
Centro de trabajo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela.
CONDICIÓN DO POSTO	
Tipo de contrato	Contrato de Actividades Científico-Técnicas.
Categoría laboral	Investigador PosDoutoral
Número de prazas	1
Descrición	O posto ten como cometido desenvolver tarefas de investigación sobre a fiabilidade e seguridade de memorias DRAM usando FPGAs e ferramentas de simulación.
Funcións a realizar	As necesarias para o desenvolvemento axeitado do programa de investigación. Para iso levará a cabo as seguintes tarefas: • Estar ao día no estado do arte, participar en discusións relacionadas coa investigación desenvolvida, participar en revisións de artigos, grupos de lectura, etc. • Propoñer e discutir novas ideas relacionadas co proxecto. • Axudar a construír unha plataforma baseada en FPGAs para o testeo de memorias DRAM. • Deseñar experimentos para analizar e avaliar as novas ideas propostas. • Escribir documentación e artigos científicos. • Levar a cabo aquelas tarefas necesarias para levar a cabo a investigación dun xeito satisfactorio. Para o correcto desenvolvemento destas tarefas, a persoa seleccionada deberá manter interacción con equipos internacionais de investigación, polo que se require unha capacidade de comunicación fluída en inglés, tanto oral como escrita.
Retribución bruta anual	40.753,10 €.
Duración do contrato	Desde a sinatura do contrato ata a finalización do proxecto (prevista inicialmente para o 30/04/2027, con posibilidade de prórroga).
Data de inicio prevista¹	1 de agosto 2026.
Xornada laboral	Tempo completo.
REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES	
Titulación requirida	Doutoramento en: Informática, Enxeñaría Informática, Enxeñaría Eléctrica e Electrónica ou equivalente.

¹ A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato



Experiencia requerida	Experiencia en tarefas de investigación en tecnoloxías de memoria (DRAM, PCM, RRAM, etc.) Experiencia en tarefas de investigación en sistemas confiables e seguros.
Outros	Polo menos cinco (5) publicacións revisadas por pares como primeiro autor, incluíndo polo menos dúas en revistas do primeiro cuartil (Q1) ou nunha revista ou conferencia de referencia en arquitectura de computadores ou deseño dixital. Exemplos de revistas relevantes inclúen <i>IEEE Transactions on Computers</i> , <i>IEEE Transactions on Parallel and Distributed Systems</i> e <i>IEEE Access</i> (ou equivalentes). Exemplos de conferencias relevantes inclúen ISCA, HPCA, ASPLOS e MICRO (ou equivalentes).

MÉRITOS A VALORAR

Ítem	Concepto do ítem	Puntos max.	Puntos mín.
1	Valoración curricular Valoraranse os seguintes aspectos: ○ Experiencia académica ou profesional logo de relacionada coas funcións do posto: • Especialización técnica en seguridade de sistemas HW/SW (por exemplo, Rowhammer, sistemas fiables, tolerancia a fallos ou fiabilidade). • Experiencia en deseño e validación experimental avanzada. ○ Competencias en arquitectura hardware/software: • Dominio forte de C/C++ aplicado a sistemas embebidos (utilizado para obter os resultados experimentais de cando menos un artigo científico publicado). • Dominio forte de Verilog HDL (utilizado para obter os resultados experimentais de cando menos un artigo científico publicado). • Coñecemento de deseño dixital (utilizado para obter os resultados experimentais de cando menos un artigo científico publicado). ○ Experiencia investigadora: • Experiencia internacional. • Participación en workshops ou simposios.	90	45
2	Entrevista A entrevista centrarase en avaliar as competencias e habilidades transversais do candidato/a, así como a súa adecuación ao posto ofertado. ○ Competencias Técnicas: Dominio de conceptos nas áreas relacionadas co posto. ○ Habilidades Transversais: Capacidade de comunicación, traballo en equipo e resolución de problemas.	10	5



	○ Adecuación ao Perfil do Posto: Avaliarase a motivación, interese e aliñamento do candidato/a cos obxectivos e funcións do posto, así como a súa dispoñibilidade. ○ Outras consideradas relevantes para o posto. Dado que a persoa seleccionada deberá manter interacción con equipos internacionais de investigación, para o cal se require unha capacidade de comunicación fluída en inglés, a entrevista realizarase en inglés.		
--	---	--	--

IV. PARTICIPACIÓN

1. As solicitudes dirixiranse ao xerente do CESGA, utilizando o *ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE* que deberá estar accesible no portal web da Fundación CESGA (<http://www.cesga.es>). No devandito modelo as persoas aspirantes deberán rexistrar os seus datos de identidade e contacto que se empregarán para as comunicacións. A tramitación da solicitude debe realizarse segundo o establecido no apartado 7 “Presentación de solicitudes e documentación” das bases xerais de selección de persoal.

V. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Para a solicitude de praza, as persoas candidatas deberán entregar a seguinte documentación:

1. **ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE**, cumprimentado e asinado.
2. **Curriculum Vitae**, empregando un formato libre, pero que inclúa referencias detalladas que permitan comprobar os requisitos e méritos indicados no Anexo II.

VI. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, contando a partir do día seguinte ao da publicación desta na web do CESGA.

VII. PRAZO MÁXIMO DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

O prazo máximo de resolución da convocatoria será de tres meses.

VIII. ACREDITACIÓN DE REQUISITOS E MÉRITOS

A/s persoa/s que resulten seleccionadas deberán presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos e dos méritos baremables na fase de concurso, así como a restante documentación adicional incluída no Anexo II, a través da sede electrónica <http://www.sede.xunta.gal>, seguindo o mesmo procedemento do punto 12 das bases xerais.

	DESCRIPCIÓN DA DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR
TITULACIÓN	Copia simple do/s título/s ou documento que acredite de modo fidedigno a posesión do correspondente título académico (Grao, Mestrado, Doutoramento e demais titulacións).



	Copia simple do expediente académico.
	Naqueles casos onde se avalíe a temática da tese doutoral, declaración responsable onde figure o título e un resumo da tese doutoral no que quede claramente reflectido que a temática principal está relacionada coa valorada.
CURSOS E FORMACIÓNS	Certificado de asistencia ou superación, incluíndo o temario do curso e o número de horas. Non se considerarán como cursos os créditos obtidos en estudos regulados.
CERTIFICACIÓNS	Certificado oficial.
PUBLICACIÓNS	DOI/URL/ISBN e, se a publicación non é de acceso aberto, unha copia da publicación.
EXPERIENCIA	Contrato de traballo onde figure expresamente o nome e código do proxecto ou contrato ou certificación da entidade onde participou, incluíndo as datas de inicio e fin da participación.
	Copia da vida laboral para os contratos laborais en España ou documento internacional substitutivo que inclúa a duración en días ou meses do contrato.
	Declaración responsable asinada polo solicitante, cunha descrición de cada un dos proxectos ou contratos nos que traballou, de non máis dunha cara dun folio A4 cada un, onde se xustifique a relación do mesmo co obxecto do criterio.
	Naqueles casos onde se valore experiencia relacionada co desenvolvemento de ferramentas e aplicacións dixitais, enlace a repositorios de código ou portafolios: Enlaces a repositorios públicos (GitHub, GitLab, etc.) ou portafolios que mostren exemplos de scripts ou ferramentas desenvolvidas. Cada exemplo debe incluír unha breve descrición do seu propósito e contexto.

IX. PUBLICACIÓNS

Todas as publicacións relativas ao proceso selectivo desta praza realizaranse na páxina web do CESGA, na sección de emprego, no seguinte enlace www.cesga.es/transparencia/emprego/

